

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 19-07-2019, ditou a resolución con número 1995/2019 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

CONCESIÓN PROVISIONAL DE SUBVENCIONS DIRIXIDAS A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA O FINANCIAMENTO DE ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO DURANTE O ANO 2019.

Na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do luns 20 de maio de 2019 foron aprobadas as "Bases xerais reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de proxectos de actividade deportiva durante o ano 2019".

Na mesma sesión foron aprobadas as " Bases específicas para o financiamento de organización de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2019".

Posteriormente publicáronse no Bop da provincia de A Coruña nº 95, de 22 de maio de 2019, e no Bop da provincia de A Coruña nº 101, de 30 de maio o correspondente extracto, relativo á Base Nacional de Datos de Subvencións.

De acordo coa base 9 das Bases reguladoras Xerais, por decreto de alcaldía 1958/2019 de 17 de xullo, designáronse os membros da Comisión Avaliadora, que celebrou a súa xuntanza o día 19 de xullo de 2019, da que se emite acta e na cal se fomulou proposta de acordo provisional.

Visto o cal,

RESOLVO:

Primeiro.- Conceder provisionalmente as subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2019 ás entidades que se relaciona no anexo 1, polos importes que se indican, con cargo á aplicación 3410/48900 "Subvencións fomento deporte non nominativas" do Orzamento Municipal en vigor (RC220190005583), sendo o importe total proposto de 10.000,00 €. Tal e como establecen as bases o acordo de concesión provisional non crea dereito ningún a favor da entidade beneficiaria proposta fronte ó Concello de Carballo mentres este non lle notifique a concesión definitiva da subvención.

Segundo.- Conceder un prazo de dez días hábiles para comunicaren, ben o desestimento da solicitude, a reformulación ou o cambio de obxecto, ben para, de o estimar oportuno, presentaren alegacións.

Terceiro.- Ordear a notificación ós interesados propostos como beneficiarios mediante anuncio público no Taboleiro de Anuncios do Concello de Carballo, sito na Casa do Concello, na Praza do Concello, s/n. e na páxina web municipal <http://carballo.org/deporte/portada.php>. Tal e como establecen as bases o acordo de concesión provisional non crea dereito ningún a favor da entidade beneficiaria proposta fronte ó Concello de Carballo mentres este non lle notifique a concesión definitiva da subvención.

Anexo1.- Subvencións concedidas para para o financiamento de organización de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2019. Concesión Provisional.

Puntuacións e Importes obtidos polas solicitudes de subvencións para o financiamento de proxectos de eventos deportivos durante o ano 2019							
Nº	Entidade Solicitante	CIF/NIF	Obxecto	Puntos	Importe Subvención	Coef. Fin.	Orzamento a Xustificar
1	Agrupación Deportiva Fogar	G15160773	III Nada e Corre Concello de Carballo	33,66	626,39 €	1,43	894,85 €
2	Asociación Deportiva Media Ducia	G70319405	Duathlon X de Nadal A.D. Mediaducia	44,99	976,85 €	2,00	1.953,70 €
3	Club Baloncesto ARTAI	G70226675	IV Memorial Loli Varela	46,03	999,42 €	2,00	1.998,84 €
4	Club Ciclista Carballo	G15208879	Trofeo Concello Carballo 2019	59,45	1.290,81 €	1,43	1.845,54 €
5	Club Ciclista Monteneme	G15861271	XVII Marcha Costa da Morte	65,03	1.411,96 €	3,29	4.650,05 €
6	Club de Xadrez O Toque Xiria	G70072582	III Torneo Xadrez Clásico Concello de Carballo	40,52	879,79 €	1,67	1.466,32 €
7	Judo Club Bergantiños	G70457411	Campionato de Judo do Nadal 2019	33,19	720,64 €	1,43	1.029,49 €
8	Salvamento y Socorrismo Carballo	G15171911	Memorial Carlos Servando 2019	42,32	918,88 €	1,47	1.354,14 €
9	Salvamento y Socorrismo Carballo	G15171911	XXVII Campionato de España de CCAA	30,87	670,26 €	1,48	993,20 €
10	Sociedade Deportiva Sofán	G15603376	Torneo Fútbol Base SD Sofán 19	77,31	1.505,00 €	2,86	4.300,00 €
Total					10.000,00 €		

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

Secretario

José Villán Fuertes

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretaria Accidental
Susana Mariño Lorenzo